

En Santiago de Compostela, o día 11 de xaneiro de 2017, celebrouse o Comité Nacional Constituínte da FeSP-UGT que, tras analizar a situación actual, os orzamentos da Federación, o proceso de eleccións sindicais e a situación afiliativa, así como os cambios organizativos no seu seo, aprobou a seguinte

DECLARACIÓN

I.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL: CHEGOU O MOMENTO DE POTENCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS E POÑER EN VALOR O EMPREGO PÚBLICO

- **A tarefa da FeSP-UGT nos momentos actuais: Iniciativa, participación e presenza desde a coherencia.**

O proxecto sindical da FeSP-UGT consiste en continuar desenvolvendo os nosos principais acenos de identidade. Desde esta perspectiva, resulta esencial impulsar os valores do sindicalismo de clase, da esquerda democrática, do público e o colectivo entre a cidadanía, fronte ao clima de repregamento cara á privacidade, o individualismo.

Iso fai que, ademais dos intereses xerais e os problemas globais de igualdade de oportunidades e redución das desigualdades obxectivas, debamos atender tamén múltiples demandas, sectoriais e locais, artellándoas nun proxecto global de transformación e progreso nos Servizos Públicos que se asente sobre os valores esenciais do Estado de Benestar.

Artellar e canalizar estas demandas e mobilizacións nunha axenda sindical, un discurso global e un proxecto común, esixe unha presenza e unha participación constantes en todos os ámbitos, debatendo cales son os problemas e as solucións, oíndo, explicando e argumentando. Difundindo opinión e fixando un horizonte no que cobren sentido as decisións e se ofrezan respostas aos problemas e incertezas das empregadas e empregados dos servizos públicos.

- **O primeiro os dereitos sociais**

O Comité considera que a actual configuración do Parlamento estatal, así como a existencia de Gobernos de diverso signo político nas Comunidades Autónomas e Concellos, demostra que a cidadanía rexeita as políticas autoritarias e unilaterais. A sociedade española dixo que somos plurais e hai que xestionar o pluralismo, partindo de que a política debe ter un sinal de identidade: o diálogo responsable.

En Galicia, a revalidación da maioría absoluta do PP e a configuración do parlamento non debe significar continuísmo na acción política do goberno autonómico, pois o novo mapa político estatal e das principais cidades, obriga sen dúbida a responder ás necesidades e demandas cidadáns e para elo é necesario mudar as políticas económicas e sociais.

Por iso, o Comité considera preciso esquecer as políticas austericidas, modernizando a economía para poñela ao servizo da creación de emprego de calidade, fortalecer os servizos públicos e poñer en marcha plans de axuda para a xente que foi excluída á marxinación e á pobreza. É necesario, pois, comezar a encarrear un cambio radical das políticas sociais impostas en anteriores lexislaturas.

- **Urxente: Aumentar o investimento social para conxunguir en termos de igualdade**

O investimento e os servizos públicos son os motores máis potentes para lograr unha maior igualdade. O investimento público redistribúe os ingresos a través dos servizos públicos e os seus traballadores e traballadoras. Os cales teñen un impacto directo á hora de superar as dificultades e demandas da cidadanía.

Por iso, o Comité esixe ao Goberno estatal e autonómico a posta en práctica dun conxunto de actuacións, en liña co documento Confederal "20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social", e do documento nacional de "Propostas para a nova lexislatura en Galicia", que contribúan a solucionar os problemas que conforman a nosa realidade socioeconómica e profesional en todos os ámbitos: laboral, emprego, salarios, pensións, protección social, sanidade, educación, política industrial, liberdades e dereitos fundamentais, etc.

- **FeSP-UGT impulsa: Un "plan de choque" en forma de Proposición de Lei estatal para mellorar os Servizos Públicos.**

A Federación está impulsando unha Proposición de Lei que:

- Garanta a subida salarial das empregadas e empregados públicos (IPC previsto).
- Adapte a nosa normativa (EBEP-EM) á europea para acabar co uso discriminatorio e abusivo da contratación temporal.
- Elimine o tope da taxa de reposición para mellorar o emprego público e aumenten as ofertas de emprego.
- Desenvolva unha Oferta Pública de Emprego excepcional que corrixa a actual situación de precariedade no emprego público.
- Fixe un calendario de recuperación de dereitos perdidos polas persoas traballadoras do ámbito público no período de crise.
- Reivindicar os valores e obxectivos orixinais do Estatuto Básico do Emprego Público e a Lei Xeral de Sanidade, nos seus 10º e 30º aniversarios, respectivamente

Complementariamente, durante o ano 2017, o Comité declara que a Federación incluírá como cuestións prioritarias na súa axenda sindical, a recuperación dos valores e obxectivos orixinais de dúas normas esenciais na xusta concreción do Estado Social e a democratización das relacións laborais nas Administracións Públicas.

Estámonos referindo á Lei Xeral de Sanidade e ao Estatuto Básico do Empregado Público. Dúas normas que ao ronsel da crise e ideoloxías reaccionarias, sufriron profundas modificacións que as desvirtuaron. Por conseguinte, a Federación elaborará senllos documentos de análises e propostas que recollan a nosa postura, reivindicando o carácter social de ambas normas.

A FeSP-UGT mantén a súa posición, xa coñecida e defendida en diferentes ámbitos de negociación, sobre a necesidade de derrogar a LOMCE froito da intransixencia parlamentaria do PP; apóstase polo establecemento dun gran Pacto de Estado pola Educación que garanta o consenso nunha materia de capital transcendencia social e unha maior estabilidade e permanencia no tempo da súa regulamentación legal.

- **FeSP-UGT demanda: "recuperación de dereitos suspendidos" coa Lei galega 1/2012".**

A Lei 1/2012 foi unha Lei de medidas temporais, prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos anuais, que contemplaba que a súa aplicación decaería no momento de mellora da situación económica de Galicia. Os parámetros de crecemento que establecía a referida Lei, se cumpren no ano 2016, evolución positiva da nosa economía tal e como reflicten os datos económicos publicitados pola Xunta, polo que se debe devolver ás empregadas e empregados públicos todos aqueles dereitos "suspendidos".

O goberno galego debe devolver ós servizos públicos o seu papel de pilar do Estado do benestar, de distribuidor da riqueza e de creador de emprego.

Con todo, o proxecto de orzamentos para o ano 2017 formula un aumento de orzamento global do 4,8% que non se reflicten as principais funcións de educación (2,9%), promoción de bens públicos de carácter social (2,9%), e sanidade (2,8%) polo que non se avanza na compensación dos fortes recortes aplicados nos servizos públicos galegos.

O emprego público representa a terceira parte, 33,5% do orzamento para 2017, diminuindo o seu peso sobre o total, xa que en termos consolidados o incremento do 1,3% é inferior ao do total do orzamento que é do 4,8%. As retribucións e cotas sociais incrementaranse no 1,7%, modificación motivada pola recuperación dos conceptos retributivos minorados coa Lei 12/2015 de orzamentos, incremento de créditos de persoal docente para implantación da LOMCE e incremento de efectivos de persoal en servizos sociais de centros residenciais. O fondo de recuperación retributiva incrementase con respecto a 2016, en 44,5 millóns de euros, ata os 150,5 millóns.

Polo tanto, agás o cumprimento do Acordo coas organizacións sindicais de abono de pagas extraordinarias completas en 2017, os orzamentos non contemplan recuperación de dereitos, nin incremento salarial, nin supresión de taxas de reposición, quedando condicionados a súa adaptación á porcentaxe máxima que estableza a normativa básica estatal. Pero se acompañan dun proxecto de Lei de medidas de contrarreforma da Lei do emprego público de Galicia, que nalgúns casos vulneran pactos e acordos coas organizacións sindicais.

A Federación reivindica a aplicación de Proposta para a nova lexislatura nos servizos públicos e as alegacións presentadas na Xunta de Galicia e no Parlamento en relación co proxecto de lei de medidas en materia de emprego público e os orzamentos, e demanda que no trámite parlamentario se tomen en consideración ditas propostas e alegacións da FeSP-UGT.

Para a FSP-UGT a restitución da negociación coa Xunta pasa por:

- ✓ Concretar no tempo as materias obxecto de negociación, como, cando e de que se vai negociar para repoñer dereitos e recuperar emprego e salarios.
- ✓ Pacto pola educación, a sanidade, a xustiza, os servizos sociais e os servizos públicos.
- ✓ Reverter á titularidade da xestión pública. O Hospital Álvaro Cunqueiro é o emblema desta reversión.

- ✓ Un plan de recursos humanos que comece a solucionar o imparable envellecemento do persoal debido á amortización de prazas.
- ✓ Aplicación do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, na súa totalidade.
- ✓ Estudo e tratamento da repercusión das sentenzas do TXUE sobre o traballo de duración determinada e a aplicación das mesmas.

- **Mobilizacións: O conflito é permanente**

A vontade de negociación manifestada polo actual Goberno estatal nalgunhas materias debe estenderse a outros ámbitos e traducirse en vontade de acordo. Trátase dun camiño que hai que transitar e ver cunha perspectiva prudente pero positiva, porque a nova conxuntura política pode axudar a acabar coas políticas aplicadas estes últimos cinco anos.

Pero a cidadanía e o conxunto das empregadas e empregados dos servizos públicos teñen que ser conscientes que para recuperar dereitos e mellorar é preciso acudir á mobilización. Por iso, o Comité impulsará todas as medidas que se leven a cabo e que darán continuidade ás concentracións do 15D e a posterior Manifestación en Madrid o 18D, nun proceso de mobilización indefinida no que o escenario dunha folga xeral se configura posible.

II.- ACCIÓN SINDICAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA: AFRONTAMOS ESTA ETAPA COA MÁXIMA DISPOSICIÓN AO DIÁLOGO, PERO TAMÉN COA MÁXIMA ESIXENCIA PARA RECUPERAR OS DEREITOS PERDIDOS

- **Diálogo e mobilización. Expectativas e responsabilidade: Bases da nosa acción sindical**

Resulta imprescindible que sexamos o máis belixerantes posibles para rexenerar o papel central que a negociación colectiva ten na acción sindical e manter sen concesións a súa dimensión colectiva e solidaria. Por iso, a potenciación da negociación colectiva pasa, polo menos, pola esixencia de:

- Un Diálogo Social permanente e fluído, con foros de negociación nos que alcanzar acordos.
- Mellorar a súa eficacia a través do enriquecemento do seu contido e o aumento da súa cobertura.
- Ambición nos contidos e adecuación á situación das empregadas e empregados públicos.
- **Recuperar o Diálogo Social e a negociación colectiva nas Administracións Públicas para garantir a mellora socioeconómica e profesional do persoal empregado dos servizos públicos**

Os obxectivos que o Comité se propón resúmense na recuperación do diálogo social e a restitución do dereito á negociación colectiva real e efectiva para o mantemento e recuperación do emprego con dereitos, xunto coa mellora dos salarios (gañen poder de compra), a creación de emprego público neto e a recuperación de dereitos suspendidos durante a pasada lexislatura.

- **Outras materias centrais para a negociación deben ser:**

- A recuperación de todos os dereitos que nos foron furtados.
- Acadar a xornada laboral semanal de 35 horas.
- Garantir a igualdade de trato e oportunidades de todo o conxunto de persoas traballadoras e erradicar discriminacións.
- O impulso e a protección da saúde laboral, do medioambiente e da sostibilidade ambiental dos Servizos Públicos.
- E a defensa do dereito á formación e á cualificación do persoal traballador no marco do AFEDAP.

- **Reforzar e potenciar a nosa Acción Sindical nos Servizos Públicos de Xestión Privada**

Debido á crise, á reforma laboral, aos recortes directos e indirectos sobre estes servizos públicos (recolleita de lixo, limpeza viaria, dependencia e acción e intervención social, farmacia, sanidade e educación privadas, etc.), a tónica predominante son os despedimentos, impagos de nóminas, baixadas salariais e a prestación irregular (cando non a súa desaparición) do servizo afectado.

Ante esta situación, o Comité considera que a negociación colectiva constitúe o instrumento básico para a defensa do emprego, e o convenio colectivo sectorial o mellor instrumento para garantir os dereitos das traballadoras e traballadores, sendo necesario preservar a súa capacidade reguladora e protectora, pois o seu goberno corresponde á representación do persoal traballador e do empresariado.

Ademais, o Comité establece como liñas estratéxicas que se seguirán na negociación, tanto o III AENC (en vigor durante 2017), como as directrices emanadas das Xornadas Confederais de Negociación Colectiva para 2017, que inciden nas materias de maior importancia: salarios, emprego, estrutura da negociación, igualdade, saúde laboral. Centradas, principalmente, en dúas cuestións: mantemento do emprego e mellora do poder adquisitivo.

- **Unha maior coordinación entre os diversos sectores para aumentara nosa eficacia**

O Comité considera necesaria unha coordinación da acción sindical de FeSP- UGT no conxunto de sectores, debendo adecuar a súa acción sindical e a súa estrutura para mellorar a defensa das condicións de traballo e dos servizos públicos.

Son ámbitos diversos dunha mesma realidade. Por iso faise necesaria unha acción sindical de FeSP-UGT global e coordinada nos servizos públicos. Esta coordinación impulsará o papel do sindicato como suxeito político que pretende incidir non só na tutela dos intereses dos traballadores e traballadoras, senón tamén nas políticas públicas de Servizos Públicos.

III.- CONSOLIDAR E REFORZAR A NOSA ESTRUTURA ORGANIZATIVA: UN PROXECTO POSITIVO E INNOVADOR

O Comité ten moi claro que os cambios que se están levando a cabo no seo da Federación han de servir para configurar un proxecto de futuro a curto prazo, e que as modificacións organizativas non van ser un fin, mais se un medio para cambiar os

contidos e actividade de todas as estruturas da Federación. Porque en caso contrario, seguiremos cos mesmos defectos, aínda que reformemos as estruturas.

En definitiva, nuns momentos tan complexos como os actuais, a FeSP-UGT vai contribuír a impulsar un proxecto que responda á realidade socio-laboral e económica do colectivo de empregadas e empregados públicos, garanta a consolidación de UGT e sirva para incrementar a nosa eficacia sindical en todos os ámbitos e sectores nos cales imos estar presentes.

Na actualidade estamos asistindo a procesos de reversión a xestión pública de servizos externalizados, una demanda da UGT e da FeSP, que no que atinxe a remunicipalización será obxecto dunha xornada federal en 2017 para análise e fixación de criterios de actuación e coordinación.

En Galicia, no seo dunha Comisión de traballo, na que participan todas as Secretarías de sector e coordina a Secretaria de acción sindical, se analizaran os documentos de traballo e os supostos de reversión que de feito se están xa a producir ou en fase de estudio xurídico.

IV.- ELECCIÓNS SINDICAIS: A REPRESENTATIVIDADE É A NOSA FORZA

- **Continuar traballando para estendera o máximo a nosa presenza**

Temos a esixencia de conseguir o maior nivel de representación posible como un obxectivo estratéxico da FeSP-UGT. Para o que é imprescindible o compromiso do conxunto da organización no desenvolvemento e cumprimento dos plans de traballo establecidos, cunha actividade constante e sostida no tempo.

Por iso, o Comité declara que para os próximos procesos resulta esencial que desenvolvamos un esforzo constante para aumentar o nivel de representatividade adaptando os medios organizativos dispoñibles ao reto electoral diario.

- **Análise, solucións e responsabilidade para mellorar**

O Comité resolve que, unha vez concluídos todos os procesos, iniciárase unha análise interna para detectar aquilo no que fallamos e solucionalo, reforzando as liñas de traballo que nos permitan crecer. Partirase daquelas experiencias onde os resultados resulten positivos e proporáanse todas as medidas que sexan precisas para reverter a situación, establecendo as responsabilidades de cada unha das estruturas e ámbitos nesta materia.

V.- AFILIACIÓN: AUMENTAR E REFORZAR OS NOSOS ACENOS DE IDENTIDADE

Non hai mellor estratexia para aumentar a afiliación que a proximidade coas delegadas e delegados da FeSP-UGT, e destes coas persoas traballadoras na empresa, no sector, no territorio. Que se visualice o valor da Federación, a súa presión reivindicativa, a súa capacidade de proposta, o seu relevante papel no diálogo social e na negociación, ao servizo dos seus intereses.

Neste sentido, o Comité declara a necesidade de relanzar a nosa actividade, reforzar a nosa identidade e acción sindical en todos os ámbitos, para demostrar a nosa utilidade ao conxunto dos empregados e empregadas dos servizos públicos.

VI.- ORZAMENTOS DA FEDERACIÓN 2017: CONTROL, TRANSPARENCIA E RACIONALIDADE

A Comisión Executiva Nacional presenta ao Comité o Orzamento da Federación nacional para o ano 2017 que, trala oportuna análise e debate, resultan aprobados.

VII.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA CEN PARA A CONSTITUCIÓN DE SINDICATOS E COORDINACIÓNS

• **SECTOR ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO**

Sindicato AEAT

Sindicato II.PP.

Coordinación AENA

Coordinación Defensa

Coordinación EGSS

• **SECTOR ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

Sindicato Funcionarios

Sindicato Laborais

Sindicato Xustiza

Coordinación de Entes Instrumentais

Coordinación de Axentes Medioambientais

• **SECTOR ADMINISTRACIÓN LOCAL E SERVIZOS Á COMUNIDADE**

Sindicato de RBU e Xardinería

Coordinación de Policía Local: Titular e Suplente

Coordinación de Bombeiros Públicos

Coordinación de Bombeiros privados-concertados

Coordinación de Pompas Fúnebres

• **SECTOR DE ENSINO**

Sindicato de Ensino Público

Sindicato de Ensino Privado

Sindicato de Universidade e Investigación

• **SECTOR SAÚDE, SERVIZOS SOCIO SANITARIOS E DEPENDENCIA**

Sindicato Sociosanitario

Coordinación de Mutuas

Coordinación de Transporte Sanitario